
MEMORIA ANUAL 2010

verdegaia 

INFORME DE ORGANIZACIÓN 2010-2011 / BALANCE 2006-2011

Evolución do número de socias/os

- Evolución do número de socias/os no período interasamblear (marzo 2010-marzo 2011)

No período comprendido entre marzo de 2010 e marzo de 2011 experimentamos un crecemento neto de 18 socias/os (22 altas e 4 baixas) que eleva o número total de socias/os a 300.


O groso das altas concéntrase nos núcleos comarcais de Vigo (9), Pontevedra (3) e Santiago (3), ás que habería que sumar as/os novas/os socias/os sen núcleo comarcal asignado (7).

No que respecta ás baixas, os motivos argumentados foron: cambio de país, motivos económicos (2) e cambio de titular (de socio/a individual a entidade asociada).

Cómpre destacar que, coma en anteriores ocasións, durante o pasado ano 2010, e o que levamos deste, non se desenvolveu ningunha campaña para o aumento do número de persoas e/ou entidades asociadas.

- Evolución do número de socias/os 2006-2011

Dende a constitución de Verdegaia en marzo de 2006, o incremento do número de socias/os pasou dun crecemento exponencial a un proceso moito máis calmado e paulatino.




En relación ás baixas, acumulamos un total de 13, concentradas sobre todo no ano 2010 e semella que estreitamente ligadas á situación económica (1 2006; 2 2007; 2 2008; 1 2009; 6 2010; 1 2011).

Por núcleos comarcais, amosan un mellor comportamento os núcleos de Compostela e Vigo, que manteñen unha tendencia alcista máis ou menos continuada. En menor medida, o aumento de socias/os non ligados a ningún núcleo comarcal e ao núcleo de

Ferrol resulta tamén constante. No lado oposto, os núcleos de Ourense, Coruña e Pontevedra amosan un preocupante estancamento.


NÚC. COM.	2006	2007	2008	2009	2010	2011
CORUÑA	8	11	15	16	15	15
FERROL	18	28	32	35	37	37
OURENSE	35	44	50	51	50	50
PONTEVEDRA	4	4	5	19	22	22
SANTIAGO	52	58	65	70	71	72
VIGO	25	49	58	62	66	68
SEN NÚC.	12	21	24	28	33	36
TOTAL	154	215	249	281	294	300



Núcleos Comarcais

Verdegaiia naceu con 4 Núcleos Comarcais aos que se incorporaron posteriormente os núcleos de A Coruña (2008) e Pontevedra (2009), así como a representación local de Ribeira dende 2008.

Proporcionalmente, son os núcleos de Vigo e Santiago os que agrupan un maior número de persoas socias, aumentando tamén, respecto do ano pasado a porcentaxe de socias/os sen núcleo asignado.




Activistas

Coma en anteriores ocasións, solicitóuselle a cada núcleo comarcal que enumerara o número de persoas que participan activamente das iniciativas do propio núcleo e de Verdegaia en xeral para o cálculo do número de activistas.

Asumindo a subxectividade e variabilidade temporal da cifra resultante, o certo é que na actualidade, o número de activistas descendeu respecto dos datos da asemblea de 2010, tanto na cifra total como porcentualmente no conxunto da asociación. Sumamos un total de 50 activistas en 2011 por 60 en 2010 o que, sumado ao aumento de socias/os, supón un descenso do 21,28% ao 16,67% respecto do total.

NÚC. COM.	SOCIAS/OS	ACTIVISTAS	%
CORUÑA	15	0	0,00
FERROL	37	7	18,92
OURENSE	50	7	14,00
PONTEVEDRA	22	4	18,18
SANTIAGO	72	12	16,67
VIGO	68	16*	23,53
SEN NÚC.	36	4	11,11
TOTAL	300	50	16,67

* a estes 16 activistas en Vigo habería que sumarlle 4 persoas máis que non son socias de Verdegaia pero que participan activamente das iniciativas do NC




Por núcleos comarcais, e tomando coma referencia os datos de 2010, identificamos descensos importantes nos núcleos de A Coruña (de 3 a 0), Pontevedra (de 10 a 4) e Vigo (de 26 a 16); por contra, os núcleos restantes aumentan lixeiramente: Ferrol (de 4 a 7), Ourense (de 5 a 7), Compostela (de 10 a 12) e as/os socias/os sen núcleo (de 2 a 4).

Cómpre destacar que, contodo, esta porcentaxe de activistas móvese nos estándares do tecido asociativo galego, onde se estima entre un 15% e un 20% a proporción de persoas activas no seo das asociacións. Así mesmo, e botando man dos datos doutros anos, podemos observar como a variabilidade do número de activistas é moi alta e incluso é de supoñer que poida cambiar dun mes a outro dependendo de situacións puntuais.

En calquera caso, non é arriscado afirmar que a situación do conxunto do tecido asociativo galego non pasa polo seu mellor momento, tal e como pode comprobarse se temos en conta a actividade das distintas redes nas que participamos, nunha liña descendente dende hai un par de anos.

Xénero


A análise de xénero da nosa asociación amosa unha distribución case idéntica á que poderíamos considerar "modelo" do tecido asociativo galego: un 60% de homes e un 40% de mulleres; no noso caso, un 58% de homes e un 41% de mulleres, ao que habería que sumarlle un 1% de entidades (un bar e unha asociación).



O balance por núcleos comarcais repite, como non podería ser doutro xeito, a proporción xeral, destacando a equidade presente nos núcleos de A Coruña e Pontevedra.

NÚC. COM.	MULLERES	HOMES	ENTIDADES
CORUÑA	7	8	0
FERROL	15	22	0
OURENSE	19	30	1
PONTEVEDRA	11	11	0
SANTIAGO	32	40	0
VIGO	29	39	0
SEN NÚC.	11	24	1
TOTAL	124	174	2


En principio, esta distribución por xéneros non ten por que significar algo positivo ou negativo, porén, quizais cómpre preguntarse por dous aspectos directamente relacionados: por unha parte, e aínda descoñecendo a porcentaxe de activistas dun ou doutro xénero, resulta preocupante o desequilibrio trasladado á coordinación das áreas de traballo (na actualidade coordinadas todas por homes) e, como consecuencia á comisión coordinadora xeral; por outra parte, este desequilibrio mantívose practicamente inalterábel nos cinco anos de andadura de Verdegaiia sen que foran habilitados medios ou estratexias para reverter a tendencia.



Correo-e

Aínda que na actualidade unha boa parte da comunicación e os debates a través da rede están a vehicularse a través do foro web de Verdegaiia, o correo electrónico segue a ser unha ferramenta fundamental para a comunicación entre socias/os.

Neste sentido, a porcentaxe de persoas socias sen correo-e segue a diminuír xa que, as novas incorporacións están a proporcionar case que na súa totalidade, o seu correo-e para recibir as comunicacións correspondentes.



Áreas de Traballo

Verdegaia conta nestes momentos con 5 áreas de traballo:

- Biodiversidade e Territorio
- Educación Ambiental
- Enerxía e Transporte
- Paz e Globalización
- Residuos e Consumo

A diminución do número de áreas respecto da anterior asemblea explícase pola reorganización acontecida no seo da área de biodiversidade e territorio que, co fin de coordinar mellor as súas iniciativas, incorporou ás áreas de litoral e forestal.

Por outra parte, cómpre destacar que este ano celebrouse por primeira vez unha xuntanza de áreas, celebrada no mes de novembro no centro de educación ambiental Equal, no concello de Coles. A organización deste encontro respondeu á necesidade reiteradamente manifestada polas propias áreas de traballo de dispor de tempo para a organización das súas actividades propias e, ao mesmo tempo, coñecer e coordinar novas iniciativas con outras áreas.

Á vista da produtividade e aproveitamento do encontro –por non falar da pequena festa que o acompañou– propúxose fixar no calendario esta convocatoria, celebrándose anualmente entre os meses de outubro e novembro no mesmo lugar.

Finalmente, hai que salientar tamén a posta en marcha de iniciativas de formación por parte das áreas de traballo: a área de biodiversidade organizou un seminario formativo sobre lexislación e biodiversidade e a área de educación ambiental ten previsto organizar outro seminario sobre dinamización de xuntanzas (que non foi posíbel realizar antes da asemblea por falta de datas).

CCXeral e CPermanente

Dende a asemblea de marzo de 2010 até a actualidade non se celebrou ningunha xuntanza da comisión permanente, nin de forma presencial nin de forma dixital. Esta ausencia de encontros responde á vontade de derivar o conxunto da comunicación e toma de decisións á comisión coordinadora xeral; de feito, a listaxe de correo da CPermanente case non foi utilizada polo mesmo motivo.

En relación á comisión coordinadora xeral, a súa periodicidade mantívose máis ou menos constante –aproximadamente cada dous meses–, ao igual que o número de asistentes, exceptuando a primeira xuntanza despois da asemblea de 2010, que contou con 11 persoas.

Reunións CCXeral	11.04.10	19.06.10	11.09.10	13.11.10	15.01.11	19.02.11
Asistentes	11	7	8	9	6+2*	7

* nesta xuntanza participaron dúas persoas a través do skype.

A Comisión Coordinadora Xeral está composta polas/os integrantes da Comisión Permanente (5 persoas: coordinación, vicecoordinación, secretaría, vicesecretaría e tesourería), as/os Responsábeis de Área (3 persoas, xa que as outras 2 son tamén parte da CPermanente) e un/ha representante de cada Núcleo Comarcal (é dicir, outras 6 persoas); un total de 14 persoas máis o representante local en Ribeira.

A ausencia neste período de representantes do núcleo de Coruña e a intermitente presenza do núcleos de Ferrol, Ourense e Pontevedra explica en boa parte a baixa asistencia.

INFORME PLANO DE COMUNICACIÓN 2010-2011

COMUNICACIÓN INTERNA

- O Foro

Tal como figuraba no Plano de Comunicación 2010 procedeu-se a unha pequena reorganización do foro coa finalidade de facilitar o acceso aos distintos temas. Insistiuse na divulgación entre as socias para fomentar a súa participación

Ao longo do 2010 publicáronse 1329 mensaxes novas (suman un total de 2959 dende a inauguración do foro) sobre 845 temas distintos, dos que 349 foron temas creados no 2010.

19 novas socias déronse de alta no foro para un total de 83, o 26% das socias de Verdegaiá.

Entre as eivas detectadas salienta a concentración de mensaxes nun reducido nº de socias e que segue a existir a sensación entre algunhas socias de que é unha ferramenta complexa e pouco útil.

- Boletín interno

Proposto no plano 2010, non se puido desenvolver por falta material de tempo.

COMUNICACIÓN EXTERNA

- Web.

Continúa ser o principal vehículo comunicativo da asociación.

Datos estatísticos 2010

Mes	Visitantes distintos	Número de visitas	Páxinas	Accesos	Ancho de banda
Xan 2010	0	0	0	0	0
Feb 2010	2387	7226	51466	200408	3.51 GO
Mar 2010	3233	9445	95357	415916	4.65 GO
Abr 2010	3405	10086	126953	638563	7.82 GO
Mai 2010	2910	9536	40425	222782	2.60 GO
Xuñ 2010	2670	9404	34844	156886	2.96 GO
Xul 2010	3012	9843	33120	132031	2.16 GO
Ago 2010	2748	10173	30284	106283	1.79 GO
Set 2010	2308	9028	30333	112934	1.44 GO
Out 2010	2607	9066	35704	153750	1.52 GO
Nov 2010	2331	8280	32310	138993	1.41 GO
Dec 2010	2584	8439	31151	139487	1.72 GO
Total	30195	100526	541947	2418033	31.56 GO

Comezouse a traballar no redeseño da web que agardamos ter rematado neste ano

Facebook

Facebook tense convertido nunha ferramenta de divulgación importante. Ao longo deste ano déronse de alta 501 novos “amigas”, sumando xa 1.102 que reciben actualizada a nosa información a través deste medio.

Boletín Fiando Verde.

Este ano non houbo axudas da Secretaría Xeral de Política Lingüística polo que non se editaron novos nºs, ficando pendente de saír o nº7.

Memoria anual.

Publicada na web de Verdegaiia, dando resposta así ao principio de Pluralidade e Transparencia no Financiamento recollido nos documentos da nosa Asemblea Constituínte, prevese que acompañe ao nº7 do Fiando Verde.

Presenza nos medios de información.

A nosa presenza nos medios segue sendo boa, mais neste ano onde asuntos como as Directrices de Ordenación do Territorio ou o Plano do Litoral fixeron aos medios máis receptivos ás nosas mensaxes.

Editorial

Non se realizou ningunha actividade

Comisión de Comunicación

Informouse as socias da súa posíbel creación, manifestándose 5 asociadas con interese en integrala. Non se chegou a concretar aínda ningunha xuntanza.

Memoria de actividades 2010-2011 da Área de Biodiversidade e Territorio de Verdegaia

Ámbito xeral (responsable Diego R. Vieites).

- Presentación de alegacións e denuncias.
 1. Presentación dunha denuncia perante a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellaría de Medio Rural por un verquido de entullos e terra no canaveiral da lagoa de Traba, Laxe.
 2. Presentación dunha denuncia perante a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellaría de Medio Rural polas agresións de quads, cans e kitesurf na praia da Mexilloeira, O Grove.
- Realizar unha ou varias xornadas de formación.
 1. Realización dun obradoiro formativo teórico-práctico sobre “Causas e tendencias da perda global de biodiversidade” e “Análise de problemáticas ambientais” no local de Verdegaia en Compostela e nas Brañas do Sar.
- Actividades realizadas que non foron planificadas.
 1. Envío dunha nota de prensa co gallo do Día Mundial da Biodiversidade.
 2. Respostar a solicitudes de información sobre os humidais Ramsar en Galicia, sobre o uso de herbicidas nas autoestradas, sobre a morte de aves envelenadas, sobre o eucalipto, sobre a tala de 2000 árbores de fincas privadas feita por Unión Fenosa sen permisos en Paderne, sobre como manter unha plantación de carballos cumprindo a lexislación, sobre lumes forestais no Concello de Rianxo e sobre os efectos das talas das humanizacións das rúas de Vigo sobre os pardais.
 3. Realización dunha enquisa sobre o uso dos ecosistemas polo ser humano para a Avaliación dos Ecosistemas do Milenio de España.
 4. Realizar aportacións á nota de prensa de balanço xeral de 2010 no apartado de biodiversidade e conservación dos valores naturais.
 5. Envío dun correo informativo e de asesoramento ás persoas que denunciaron unha matanza de cabalos en Cotobade (Pontevedra).

Subárea de caza (responsable Rubén Portas).

- Actividades realizadas que non foron planificadas.
1. Envío dun escrito á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellaría de Medio Rural solicitando que se prohíba a caza na Terra Chá e nas bisbarras galegas nas que se rexistrase a fuga de tempero de aves migratorias invernantes detectada a comezos de decembro.
 2. Participación nas actividades de boicot ó campionato estatal de caza de raposa celebrado en Pontecladelas.

Subárea de dereitos dos animais (sen responsable).

- Actividades realizadas que non foron planificadas.
1. Redacción xunto coa Asociación Libera dunha moción municipal sobre os dereitos dos animais.

Subárea de espazos naturais e especies autóctonas (responsable Diego R. Vieites).

- Proseguir coa campaña para a conservación da Rede Natura 2000.
1. Reorganización da campaña coa elaboración dunha ficha de inscrición, dunhas normas, dun cronograma para o periodo 2010-2011 e de actividades en dous L.I.C. apadriñados por dous Nc.

L.I.C. “Serra do Cando”. Nc de Pontevedra (responsable Rubén Portas).

- Hérpets.
1. Realización dos programas SARE e SARGA no espazo protexido.
- Mamíferos.
1. Realización de mostraxes de mamíferos relacionados co medio acuático.
 2. Realización de saídas nocturnas e esperas para o estudo de grandes mamíferos.
 3. Detección de pequenos mamíferos mediante métodos non invasivos e avistamentos.
- Aves.
1. Realización de actividades encamiñadas cara o afondamento no estudo da comunidade de aves do espazo protexido.
 2. Participación no censo de aves rapaces realizado pola SEO e coordinado pola SGO.
 3. Colocación de caixas nido no espazo protexido.
- Vexetais e fungos.

1. Anotación das especies de vexetais observadas nas saídas realizadas ó espazo protexido.
2. Realización dun roteiro micolóxico.
- Outros.
1. Realización de saídas encamiñadas a detectar certo tipo de especies e enfocadas a certas zonas.
2. Realización de varias denuncias sobre residuos e casos puntuais de agresións e furtivismo vía telefónica ao 112 e ó Seprona e vía verbal ós axentes da Xunta de Galicia.

L.I.C. “Gándaras de Budiño”. Nc de Vigo (responsable Diego R. Vieites).

- Proseguir co convenio de colaboración coa Consellaría de Medio Rural para levar a cabo actividades de educación ambiental con centros educativos da comarca e abrir o P. I. A. en datas ambientais sinaladas.
- 1. Realización de dúas saídas co I.E.S. Pedras Rubias de Salceda de Caselas polas Ribeiras do Louro.
- 2. Realización de dúas saídas co C.E.I.P. Neira Vilas de Peitieiros (Gondomar) polas Ribeiras do Louro.
- Realizar o programa SARE no espazo natural.
- 1. Realización do programa S.A.R.E. nas Ribeiras do Louro.
- Realizar o Proxecto Ríos no Louro antes e despois do seu paso polo Porriño.
- 1. Realización de toma de mostras de macroinvertebrados no río Louro antes e despois do Porriño como paso previo a realizar estudos posteriores.
- Facer un seguemento do trazado final do AVE na zona do Cerquido e Alvelos e no Ameal das Travessas-Veiga do Louro.
- 1. Realización dun seguemento do trazado final do AVE na prensa.
- Emprender accións fronte ó aterro de Copo.
- 1. Expresar a postura da asociación sobre este aterro á nova encargada do L.I.C.
- Actividades realizadas que non foron planificadas.
- 1. Manter unha conversa telefónica co técnico do L.I.C. das Ribeiras do Louro para informarse do posible sepultamento da barreira de Orbenlle.

2. Participar no programa “Reporteiros” da TVG grabando unha entrevista sobre o Centro de Interpretación da Natureza das Ribeiras do Louro.
 3. Manter unha entrevista cun xornalista do Financial Times e Bureau of Investigative Journalism de Londres sobre o estado do o Centro de
 4. Asistir a unha concentración en O Porriño contra os verquidos ó Louro.
 5. Apresentar unha denuncia ante a Confederación Hidrográfica Miño-Sil por dous verquidos realizados por Frigolouro o 1 e o 8 de agosto respectivamente.
 6. Envío dunha nota de prensa pola denuncia apresentada ante a Confederación Hidrográfica Miño-Sil por dous verquidos realizados por Frigolouro o 1 e o 8 de agosto respectivamente e polas concentracións veciñais en O Porriño contra os verquidos ó Louro.
 7. Manter unha xuntanza con César Ayres para debater en que empregar unha axuda da Consellaría do Medio Rural no L.I.C.
 8. Manter unha conversa telefónica coa técnico do L.I.C. das Ribeiras do Louro para solicitarlle información sobre diferentes aspectos do estado do L.I.C.
 9. Colocación de dúas illas artificiais flotantes nas barreiras de Centeáns xunto coa Asociación Herpetolóxica Española.
- Realización de seguemento da xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas.
1. Presentación dun recurso de apelación perante a Audiencia Provincial de Pontevedra polo arquivo da denuncia apresentada no xulgado nº3 de Vigo pola construción da pasarela de Punta Muxieiro.
 2. Enviar información do P.N.M.T.I.A.G. a Ecologistas en Acción para que lla transmita á Dirección do Organismo Autónomo Parques Nacionales.
 3. Escribir un artigo sobre a pésima xestión do P.N.M.T.I.A.G. para o Fiando Verde VII.
 4. Enviar información sobre a denuncia apresentada no xulgado nº3 de Vigo pola construción da pasarela de Punta Muxieiro ó diario El País.
 5. Enviar información do P.N.M.T.I.A.G. a un dos representantes do movemento ecoloxista no Padroado deste espazo natural para que a divulgue no encontro de representantes do movemento ecoloxista que tivo lugar en Andalucía e que organizou Ecologistas en Acción.
 6. Envío de información sobre o verquido de lodos portuarios entre Ons e Sálvora ó representante do movemento ecoloxista no Padroado do P.N.M.T.I.A.G. para que se trate este tema na 4ª xuntanza do mesmo.
 7. Presentación dunha denuncia perante a Dirección Xeral da Natureza da Consellaría do Medio Rural e da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo

pola construción ilegal dunha edificación de madeira por parte da empresa Tragsa na Illa do Faro, arquipélago de Cíes.

- Actividades realizadas que non foron planificadas.
1. Envío dunha nota de prensa pola denuncia apresentada perante a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellaría de Medio Rural por un verquido de entullos e terra no canaveiral da lagoa de Traba, Laxe.
 2. Manter unha conversa telefónica co xornalista de El País Santi Agra sobre posibles sancións á administración polo incumplimento das normativas vixentes referidas á R.N. 2000.
 3. Envío dun escrito ó Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño solicitando a ampliación do periodo de alegacións e ter en conta as Listaxes vermellas publicadas polo propio Ministerio na elaboración do borrador do Proxecto de Real Decreto para o desenvolvemento da listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas.
 4. Envío dunha nota de prensa polo envío dun escrito ó Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño solicitando a ampliación do periodo de alegacións e ter en conta as Listaxes vermellas publicadas polo propio Ministerio na elaboración do borrador do Proxecto de Real Decreto para o desenvolvemento da listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas.
 5. Envío dunha nota de prensa pola presentación dunha denuncia perante a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellaría de Medio Rural polas agresións de quads, cans e kitesurf na praia da Mexilloeira, O Grove.
 6. Envío dunha nota de prensa criticando as teses que afirman que a A-76 é beneficiosa para os Parques Naturais “Serra da Enciña da Lastra” e Montes do Invernadeiro”.
 7. Divulgación da nota de prensa da F.E.G. denunciando o impacto ambiental que a construción do treito da autovía A-54 entre Arzúa e Palas de Rei xerará na Serra do Careón.

Subárea de especies invasoras (responsable Marga Rubido).

- Actividades realizadas que non foron planificadas.
1. Participación no proxecto titulado "Percepcións e Actitudes Sociais ante as Plantas Invasoras: Un estudio de caso en Galicia", levado a cabo polo Departamento de Economía Aplicada da Facultade de Ciencias Económicas (Universidade de Vigo) e financiado pola Xunta de Galicia.

Subárea de forestal (responsable Juan Forti).

- Actividades realizadas que non foron planificadas.

1. Envío dunha nota de prensa solicitando melloras na política forestal galega co gallo do Día Forestal Mundial.
2. Envío a Ecologistas en acción da “Ficha da avaliación do seguemento ou restauración de zonas afectadas por lumes forestais en Galicia”.
3. Manter unha entrevista cun colaborador da Asociación Forestal de Galicia (AFG) para informarse sobre un proxecto relacionado coa biomasa primaria como combustible.
4. Realizar unha entrevista sobre o estado do monte galego con El Mundo.es
5. Realizar aportacións ó manifesto contra os lumes forestais da Rede Galiza Non se Vende.
6. Envío dunha nota de prensa pola nova concesión de certificación forestal a Norfor.
7. Debate e realización de achegas á proposta de Greenpeace sobre un documento de divulgación das problemáticas do eucalipto.

Subárea de litoral (responsable Sabela Iglesias).

- Realizar alegacións ó Plano do Litoral.
 1. Presentación de alegacións ó Plano de Ordeación do litoral perante a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dende Verdegaiá e dende a Rede Galiza Non se Vende.
 2. Preparación de alegacións ó Plano de Ordeación do litoral para que as apresentaran colectivos e persoas a título individual perante a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
 3. Envío dunha nota de prensa pola presentación de alegacións ó Plano de Ordeación do litoral perante a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
 4. Realizar entrevistas sobre o Plano de Ordeación do litoral en diferentes medios de comunicación.
- Actividades realizadas que non foron planificadas.
 1. Organización, xunto con outras organizacións, dun contracumio alternativo sobre pesca coincidindo co cumio de ministros de pesca dos países da U.E. celebrado en Vigo.
 2. Contactar coa Asociación OCEAN2012 para intercambiar información sobre os excesos de pesca da pescada.

3. Solicitar información sobre a pesca da pescada nas sedes de A Coruña e Vigo do Instituto Español de Oceanografía.
4. Grabación dun programa de televisión para “V televisión” sobre a situación e problemáticas das praias galegas e en concreto sobre a praia de Samil e a do Bao (Vigo).
5. Preparar o informe de Bandeiras Negras 2010 de Galicia para Ecologistas en Acción sobre a situación das nosas costas.
6. Participación xunto coa asociación Salvemos Pontevedra na redacción da alegación apresentada ó proxecto do Porto de Mollavao.
7. Organización dunha reunión formativa e unha palestra sobre as problemáticas dos recheos litorais con representantes da ría de Vigo, e de Pontevedra e Marín.

Subárea de lobo (responsable Rubén Portas).

- Divulgar as problemáticas do lobo en Galicia.
 1. Envío dunha nota de prensa conxuntamente con ASCEL denunciando que a Federación Galega de Caza busca xerar conflictividade social para cazar lobos inxustificadamente.
- Actividades realizadas que non foron planificadas.
 1. Manter unha conversa telefónica coa encargada do Grupo de desenvolvemento rural do Courel para artellar actividades sobre o lobo.
 2. Participar en dúas xuntanzas do proxecto Wolf & Farmers promovida polo Grupo de Acción Local Ancares-Courel en Becerreá.
 3. Enviar unha nota de prensa informando das medidas incorrectas tomadas por Grupos de desenvolvemento rural promotores de Wolf & Farmers de cara a controlar a poboación de lobos do Courel e Ancares.

Subárea de ríos e pesca fluvial (sen responsable).

- Actividades realizadas que non foron planificadas.
 1. Enviar unha nota de prensa denunciando a situación do salmón en Galicia.
 2. Envío dunha nota de prensa valorando positivamente a declaración dos ríos galegos como zonas libres de novos aproveitamentos hidroeléctricos.
 3. Apresentação de alegacións ó Plano Hidrolóxico Galicia-Costa perante a Consellaría de Medio Ambiente e Infraestruturas.

Subárea de tranxénicos (responsable María Ogando).

- Promover a creación de Zonas Libres de Tranxénicos e traballar na Plataforma Galega Antitraxénicos.
1. Asistencia á xuntanza da P.G.A. do 21-1-11 e participación en tarefas burocráticas da mesma.
- Actividades realizadas que non foron planificadas.
1. Participación e divulgación entre a cidadanía da Manifestación estatal contra os O.X.M. celebrada en Madrid o 17-4-10.
 2. Denuncia de irregularidades no campo experimental de millo de Mesía en setembro de 2010.

Subárea de Urbanismo e territorio (responsable Sabela Iglesias).

- Desenvolver un traballo continuo na Rede Galiza non se vende.
1. Asistencia a varias xuntanzas da Rede.
 2. Encargarse da tesouraría da Rede.
 3. Traballo en preparación de notas de prensa e denuncias públicas.
 4. Participación activa e na organización da manifestación da R.G.N.V. do 21-3-10.
 5. Participación activa e na organización da Caravana de concertos da R.G.N.V.
- Actividades realizadas que non foron planificadas.
1. Estudo da Lei do Solo para informar no seo da Rede das problemáticas derivadas da súa modificación.
 2. Redacción e envío dunha nota de prensa criticando a Lei do Solo.
 3. Participación na elbaración dun informe conxuntamente con Luita Verde e A Groba sobre os aterramentos en Galicia e no sur de Pontevedra.
 4. Envío dunha nota de prensa conxunta con Luita Verde e A Groba denunciando os aterramentos en Galicia e no sur de Pontevedra.
 5. Presentación de alegacións ás Directrices de Ordeación do Territorio perante a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
 6. Envío dunha nota de prensa pola presentación de alegacións ás Directrices de Ordeación do Territorio perante a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

ÁREA DE TRABAJO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL – INFORME ANUAL

Asemblea 2011

Liñas de traballo:

- O estudo sobre o currículo oculto antiecolóxico dos libros de texto en Galiza

O informe elaborado está xa en imprenta. Nos próximos meses están previstas as seguintes accións:

- o Xuntanza coas editoriais: fixéronse xa algúns contactos informais. A idea é convocar as distintas editoriais a unha xuntanza na que expoñer os resultados do estudo e decidir que medidas poñer en marcha.
- o Profesorado: está elaborándose unha proposta de curso de formación para o profesorado coa idea de ofertalo despois a CEFORE's e aos sindicatos.

Dicir tamén que o informe se presentou no Foro Social de Educación celebrado en decembro en Santiago de Compostela. O obradoiro non tivo moita asistencia mais contou con boa aceptación.

- Programa Vai de roteiros!: terceira edición do programa... Este ano fixéronse cartaces para divulgar conxuntamente pero está faltando algo de coordinación para a súa utilización.
- Contraanuncio: agora mesmo esta liña de traballo está paralizada. Temos enriba da mesa a proposta de facer un novo contraanuncio coas campañas institucionais da Xunta de Galicia. Veremos que se pode facer...
- Actividades sobre o decrecemento: no encontro de áreas de novembro de 2010, decidiuse abrir unha liña de traballo sobre o decrecemento. Abriuse un tema no foro de traballo para ir avanzando en propostas conxuntas.
- Feiras de troco: a cousa está un pouco decaída... en Vigo están tentando celebralo cada 3 meses, en Santiago faise mensualmente pero con pouca participación e en Ferrol faise de forma ocasional. No encontro de áreas decidiuse tamén elaborar un documento-guía sobre o troco e de tentar facer un maior esforzo coas asociacións de veciñas/os para implicalas na iniciativa. Na mesma liña, propúxose tamén explorar a posibilidade de habilitar espazos para a reparación de aparellos varios.
- Programa Consomes ou Devoras: no encontro de áreas de novembro presentouse unha ambiciosa proposta para darlle forma e contidos ao programa. Na actualidade estase a traballar nunha proposta que integre as achegas recibidas.

Observacións:

Ao igual que aconteceu en pasados anos, a listaxe de correo está a ser unha ferramenta pouco empregada polos/as participantes da área. No que respecta ao foro, tivo algúns momentos de actividade, pero tampouco moito...

Finalmente facer alusión a unha cuestión directamente relacionada coa área; aínda que a decisión foi tomada dende a ccxeral, Verdegaia apoiou o manifesto "non á desaparición da educación ambiental en Galiza" promovido pola SGEA.

10 de febreiro de 2010. Coordinación da área de Educación Ambiental

Memoria de actividades 2010-2011 da área de Residuos e Consumo

- Presentación de alegacións , denuncias e seguementos.
 1. Presentación de alegacións documento de inicio do Plan de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia 2010-2020.
 2. Seguimento da denuncia dos aterros no concello de Mos
 3. Seguimento da denuncia das Escouras de Ferroatlántica, máis nota de prensa e publicada por numerosos medios de prensa (+info no foro)

- Actividades realizadas .
 1. Mercadiños de troco e cesión, aínda que con numerosos problemas de continuidade.
 2. Día do comercio xusto no norte e no sur, xunto con Amarante e verdegaia xunto co SLG e Árbore.

- Traballos, escritos e posicionamentos.
 1. Queda pendente a elaboración dun documento base para o posicionamento de Verdegaia sobre a depuración de Auga.
 2. Queda pendente a elaboración dunha ficha para que as diferentes áreas cubran para facer unha cartografía crítica
 3. Queda pendente a elaboración dun escrito para fomentar a recollida selectiva de residuos comerciais.

- Outras
 1. Participación e dinamización da Rede de Sementes

ÁREA ENERXÍA E TRANSPORTE – INFORME ANUAL

Asemblea 2011

No eido da mudanza climática, promovemos, xunto con outras organizacións e con motivo do Día da Terra, a “Andaina polo clima”, unha marcha en Cerceda entre a central térmica de carbón de Gas Natural Fenosa e a incineradora de SOGAMA. Asemade, denunciámos nun comunicado a falta de compromiso da Xunta na loita contra a mudanza climática e elaboramos o informe "As emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) en Galicia (1990-2008)".

En materia de enerxía, presentamos un recurso de alzada contra a Planta de Regasificación do Monte San Alverte (Ribeira) e alegacións ao estudo de impacto ambiental do gasoduto do Barbanza, continuamos a criticar a política autonómica de instalación de plantas satélite de gas natural, impulsamos o manifesto “Dez razóns para pechar as térmicas de carbón”, e valoramos a resolución do concurso eólico. Tamén actualizamos o noso documento base divulgativo “Dez preguntas sobre a enerxía en Galicia”.

No que atinxe ao transporte, organizamos en verán os Encontriños cicloturistas 2010, cunha viaxe entre Ortigueira e Ribadeo, participamos na Semana Europea da Mobilidade e opuxémonos a través dun comunicado ás axudas para a compra de coches.

Tamén no ámbito desta área abordamos o problema da deterioración da calidade do aire, debido en grande medida ao tránsito urbano e ao sector enerxético fósil, elaborando xunto con Ecoloxistas en Acción un novo balanço anual sobre a situación da calidade do aire no noso país.

BALANZO VERDEGAIA. EJERCICIO 2010

GASTOS	
ACTIVIDADES	
Gastos de persoal	0,00 €
Gastos de Persoal docente/colaboradores/as	265,29 €
Material didáctico	62,64 €
Dietas de socias	0,00 €
Dietas docentes/colaboradores/as	50,00 €
Aluguer de locais	763,03 €
Aluguer de equipos	430,00 €
Consumibles:oficina-informática	23,50 €
Material de edición, publicación/web	105,00 €
Servizos de mensaxería	36,00 €
Participación en organizacións/plataformas...(FEG)	1.675,75 €
Material de publicidade	0,00 €
Material funxible	824,93 €
TOTAL GASTOS ACTIVIDADES	4.236,14 €
PUBLICACIÓNS	
Consumibles:oficina-informática	0,00 €
Dietas socias/os -colabor.	0,00 €
Imprenta	192,01 €
Maquetación	0,00 €
Servizos de mensaxería postais e comunicación	0,00 €
Web	614,16 €
TOTAL GASTOS PUBLICACIÓNS	806,17 €
ADMINISTRACIÓN	
Alugueiros	2.075,00 €
Amortizacións	0,00 €
Consumibles:oficina-informática	158,33 €
Autofinanciamento (materiais para venda)	0,00 €
Consumibles:oficina-informática	0,00 €
Dietas de socias/os	233,16 €
Gastos de persoal	0,00 €
Gastos financeiros	107,69 €
Material de edición, publicación	64,98 €
Material funxible	0,00 €
Primas de Seguros	316,67 €
Reparacións	0,00 €
Servizos Bancarios-Devolucións	1.360,00 €

Servizos Bancarios-recibos	190,35 €
Servizos de mensaxería	97,26 €
Servizos de profesionais	0,00 €
Subministros	0,00 €
transferencia cotas	0,00 €
Tributos	0,00 €
TOTAL GASTOS OPERACIÓNS DE ADMINISTRACIÓN	4.603,44 €
TOTAL GASTOS	9.645,75 €
INGRESOS	
Epígrafes	
Adiantos	0,00 €
Autofinanciamento (materiais para venda)	0,00 €
Conferencias/Seminarios	600,00 €
Cotas	10.546,00 €
Doazóns	1.262,05 €
Exposicions	0,00 €
Obradoiros	3.000,00 €
RGNV	800,00 €
Roteiros	0,00 €
Subvencións	2.262,00 €
Xuros	4,54 €
TOTAL INGRESOS	18.474,59 €
BALANCE (INGRESOS - GASTOS)	8.828,84 €
Saldo de contas bancarias a 31/12/2010	
Triodos Conta xusta	505,11
Triodos operativa	3228,73
Caixa Galicia	7379,65
TOTAL SALDO	11.113,49 €

Algunhas aclaracións:

Nestes datos non se inclúen a transferencia de cotas correspondentes aos NC por un total de 4.753,00 € nin o pago do proxecto de educación ambiental sobre as Gándaras de Budiño por un importe de 2.500,00 €

ORZAMENTO VERDEGAIA. EXERCICIO 2011

GASTOS	
ACTIVIDADES	
Gastos de persoal	0,00 €
Gastos de Persoal docente/colaboradores/as	10.618,90 €
Material didáctico	62,64 €
Dietas de socias	300,00 €
Dietas docentes/colaboradores/as	4.970,00 €
Aluguer de locais	763,03 €
Aluguer de equipos	430,00 €
Consumibles:oficina-informática	23,50 €
Material de edición, publicación/web	9.105,12 €
Servizos de mensaxería	250,00 €
Participación en organizacións/plataformas....(FEG)	1.700,00 €
Material de publicidade	0,00 €
Material funxible	400,00 €
TOTAL GASTOS ACTIVIDADES	28.623,19 €
PUBLICACIÓN	
Consumibles:oficina-informática	0,00 €
Dietas socias/os -colabor.	0,00 €
Imprenta	600,00 €
Maquetación	0,00 €
Servizos de mensaxería postais e comunicación	200,00 €
Web	650,00 €
TOTAL GASTOS PUBLICACIÓN	1.450,00 €
ADMINISTRACIÓN	
Alugueiros	3.000,00 €
Amortizacións	0,00 €
Consumibles:oficina-informática	200,00 €
Autofinanciamento (materiais para venda)	970,00 €
Consumibles:oficina-informática	0,00 €
Dietas de socias/os	300,00 €
Gastos de persoal	0,00 €
Gastos financeiros	110,00 €
Material de edición, publicación	100,00 €
Material funxible	0,00 €
Primas de Seguros	316,67 €
Reparacións	0,00 €
Servizos Bancarios-Devolucions	0,00 €
Servizos Bancarios-recibos	190,35 €
Servizos de mensaxería	100,00 €
Servizos de profesionais	0,00 €

Subministros	0,00 €
transferencia cotas	4.500,00 €
Tributos	0,00 €
TOTAL GASTOS OPERACIÓNS DE ADMINISTRACIÓN	9.787,02 €
TOTAL GASTOS	39.860,21 €
INGRESOS	
Epígrafes	
Adiantos	0,00 €
Autofinanciamento (materiais para venda)	0,00 €
Conferencias/Seminarios	600,00 €
Cotas	11.000,00 €
Doazóns	1.300,00 €
Exposicions	0,00 €
Obradoiros	3.000,00 €
RGNV	0,00 €
Roteiros	0,00 €
Subvencións	23.120,00 €
Xuros	4,54 €
Materiais	1.356,00 €
TOTAL INGRESOS	40.380,54 €
BALANCE (INGRESOS - GASTOS)	520,33 €

Aclaración:

No apartado de actividades figuran uns gastos importantes que corresponden na súa meirande parte aos derivados do desenvolvemento do Proxecto "Rede de Compra Pública Responsábel", que realizamos conxuntamente con Amarante. Esta axuda era orixinariamente para xestionar en dous anos (2010/2011), máis problemas de índole administrativa da Xunta fai que o cobro e o gasto computado teñan que facerse en 2011.

O ingreso desta subvención figura no epígrafe subvencións do apartado ingresos.